

## CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DO MÉRITO DOCENTE (Consello de Goberno de 22 de decembro de 2011)

### I. NORMATIVA

1. R.D. 1086/1989, do 28 de agosto, sobre Retribucións do Profesorado Universitario (BOE do 9 de setembro) e R.D. 74/2000 polo que se modifica parcialmente.
2. Orde do 03.11.1989 (BOE do 4 de novembro), pola que se desenvolve o Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario.
3. Resolución do 03.05.1990 (BOE do 19 de maio), do Consello de Universidades.
4. Resolución do 20.06.1990 (BOE do 30 de xuño), do Consello de Universidades.
5. Resolución do 08.03.1991 (BOE do 15 de marzo), da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación.
6. II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG 14 de abril de 2011)

### II. REQUISITOS

1. Solicitalo en formulario normalizado. Someter a actividade docente á avaliación é voluntario.
2. Ser membro do persoal docente e investigador funcionario de carreira ou contratado laboral indefinido, en activo, nesta Universidade.
3. Estar en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial.
4. Non ser sancionado mediante expediente disciplinario no período para o que se solicita o recoñecemento. No caso de ser sancionado non se avaliará o tempo correspondente ao curso no que se cometeu a falta, ou do curso no que se ditou a sanción de haberse cometido a falta antes do período para o que se solicita o recoñecemento.

### III. DOCUMENTACIÓN

**As certificacións e informes deben ser orixinais ou copias compulsadas**

1. CON CARÁCTER XERAL

- Informe sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes do profesor/a emitido polo Consello do Departamento ou de ser o caso, pola Comisión Permanente coa indicación da data de delegación de dita función.
- Informe sobre a actividade e cumprimento das súas obrigas docentes da Xunta de Centro ou de ser o caso, da Comisión Permanente coa indicación da data de delegación de dita función.
- Informe do profesor/a solicitante (extensión máxima 5 folios a dobre espazo).

Os informes do Departamento e do Centro poderán conter as observacións que estimen pertinentes e sobre as que se pronunciará o Consello de Goberno para outorgar, ou non, o recoñecemento.

## 2. ASPECTOS CURRICULARES NON ACREDITADOS NO EXPEDIENTE DA USC

### 2.1. PROFESORES QUE TEÑAN PRESTADO SERVIZOS CON DOCENCIA NOUTRAS UNIVERSIDADES (NACIONAIS OU ESTRANXEIRAS)

Deberán achegar folla de servizos da universidade na que se especifique o tempo durante o que prestaron servizos coa súa dedicación, así como un informe do departamento de orixe sobre o seu labor docente.

### 2.2. BOLSEIROS

Os profesores/as que disfrutasen dalgunha bolsa deberán presentar certificación emitida pola entidade que a concedeu, indicando a data de inicio e remate da bolsa. Non será acreditación suficiente a presentación da credencial de concesión da bolsa.

### 2.3. ACTIVIDADES EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN PÚBLICOS / ORGANISMOS PÚBLICOS

Deben achegar certificación de servizos prestados, expedida pola autoridade competente.

### 2.4. LICENZAS DE ANO SABÁTICO E DESEMPEÑO DE CARGOS ACADÉMICOS

Acreditarase mediante certificación na que consten as datas de inicio e fin. Non obstante, se fose profesor na USC durante o aproveitamento do ano sabático ou desempeño do cargo non será precisa esta acreditación.

## IV. CRITERIOS

### 1. As avaliacións faranse unha soa vez ao ano.

1.1. O prazo de presentación de solicitudes fixarase na correspondente convocatoria, sen prexuízo de que a data de remate dos méritos a avaliar será sempre o último día do ano.

- 1.2. Os efectos económicos da avaliación serán sempre do 1 de xaneiro seguinte.
  - 1.3. Os efectos económicos das solicitudes presentadas con posterioridade ao 31 de decembro do ano en que se cumpra o pertinente período a avaliar comezan a contar o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa presentación, sen que a actividade docente que exceda de dito período poida ser computada para os efectos dos sucesivos períodos a avaliar.
2. Computaranse como dedicación a tempo completo os servizos prestados en:
    - 2.1. Dedicación exclusiva.
    - 2.2. Dedicación plena de 30 horas.
    - 2.3. Encargado de Curso de niveis C e D.
    - 2.4. Cando os servizos nalgún dos réximes de dedicación anteriores superen os 2/3 do tempo total de servizos, consideraranse todos como dedicación a tempo completo.
    - 2.5. Os servizos prestados en réxime de dedicación a tempo parcial serán valorados co coeficiente redutor de 0,5.
3. O cálculo de períodos de cinco anos farase do seguinte modo:
    - 3.1. O recoñecemento será desde que acceda a prazas de persoal docente e investigador funcionario de carreira ou contratado laboral indefinido.
    - 3.2. Consideraranse válidos para este cálculo os períodos transcorridos:
      - 3.2.1. No CSIC ou outros Organismos Públicos de Investigación.
      - 3.2.2. En Universidades ou Centros de Investigación estranxeiros.
      - 3.2.3. Con Bolsas de FPI ou análogas
    - 3.3. En ningún caso un mesmo período de tempo poderá ser computado máis dunha vez, salvo que no mesmo se deran dúas actividades académicas a tempo parcial.
    - 3.4. Estudaranse todas as situacións que puideran presentarse, sempre que os servizos prestados fosen coa condición de profesor universitario.
4. O complemento por méritos docentes non poderá exceder do resultado de superar favorablemente seis avaliacións.
  5. O recoñecemento dos períodos docentes a tempo parcial producirá efectos económicos no momento no que o profesor cambie a dedicación a tempo completo.
  6. No caso de ser sancionado mediante a instrución dun expediente disciplinario ou que non quede acreditado o cumprimento das obrigas docentes e as recollidas na normativa de cobertura e sinatura de actas, avaliarase negativamente o tempo correspondente ao curso no que se cometeu a falta ou incumprimento, ou do curso no que se ditou a sanción de haberse cometido a falta antes do período para o que se solicita o recoñecemento.

## **V. NORMAS PARA XULGAR AS SOLICITUDES QUE SE PRESENTEN**

**Os informes de Centros e Departamentos deberán basearse, fundamentalmente en:**

1. A docencia en titulacións oficiais, examinando especialmente os seguintes aspectos: nivel obxectivo do cumprimento das obrigas docentes; congruencia entre os obxectivos docentes e a avaliación efectuada de ditos obxectivos, atención e asistencia aos alumnos, cumprimento dos obxectivos didácticos. A comisión avaliadora terá en conta os resultados das enquisas dos alumnos, que deberán responder a un modelo suficientemente contrastado e aprobado polo órgano colexiado correspondente; será pública antes da súa realización e garantirá o anonimato.
2. As actividades de extensión universitaria, cursos de perfeccionamento, títulos propios das universidades, tarefas directamente relacionadas coa docencia en programas de posgrao ou outras actividades docentes institucionais de cada universidade, incluíndo entre estas as realizadas polo profesor durante os permisos ou licenzas por estudos concedidos pola universidade.
3. As actividades de servizo á comunidade universitaria e participación nesta.